



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

CONVOCATORIA: Xornada A Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	8
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/05/2021 - 08:00h ao 20/05/2021 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

A recentísima aprobación da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia abre un novo marco de posibilidades para o presente e mais o futuro do agro e do rural galego e obriga a un replanteamento en común das potencialidades, retos e repercusións en Galicia nos vindeiros anos. Os novos instrumentos, procedementos e medidas recollidos na norma galega van encamiñados á dinamización e á posta en valor do medio rural a través da fixación de poboación, á xestión do territorio para o uso agrícola, gandeiro e forestal, á recuperación e mellora da calidade de vida dos asentamentos rurais e á prevención activa dos lumes.

DESTINATARIOS

A xornada está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes instrumentais, da Administración local, de xustiza, das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Terá preferencia na selección o persoal que preste servizos na Agader e na Consellería do Medio Rural.

PROGRAMA

Nesta xornada trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- A ordenación do territorio rural: mapa de usos agroforestais de Galicia, catálogo e catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais, investigación da titularidade, etc.
- Os instrumentos de recuperación de terras agrarias. En particular, as aldeas modelo, os polígonos agroforestais, e as agrupacións e actuacións de xestión conxunta.
- Os instrumentos de mobilización: os bancos de terras e o Banco de Explotacións.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas dispoñibles, de acordo co número de prazas e coa preferencia sinalada nas persoas destinatarias.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 desta convocatoria. En concreto, deberán indicar correctamente o colectivo de persoas destinatarias ao cal pertencen (Administración autonómica para o persoal empregado público da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais, local, de xustiza, universitaria ou cidadanía, no caso de non ser persoal empregado público).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 21/05/2021 a 21/05/2021

NUM. PRAZAS: 80

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE